



SINDICATO DE TRABALLADORAS E TRABALLADORES DO ENSINO DE GALIZA

[www.steg.gal](http://www.steg.gal)

**A CORUÑA** R/ Alcalde Asúnsolo 2, oficina 9; 15007 / tfno: 981154031

**SANTIAGO** R/ Pitelos , 35 ; local 2. Galerías Viacambre / tfno-fax: 981 580700

**LUGO** R/ Conde, 31, entrechán esquerda; 27003 / tfno-fax: 982 240066

**OURENSE** R/ Bedoya nº 5, 2º dereita; 32004 / tfno-fax: 988252323

**PONTEVEDRA** Praza Curros Enríquez, 1 oficina 201; 36002 / tfno-fax: 986 857545

## Resumo da Xunta de Persoal da Xefatura Territorial de Educación de Ourense Mércores, 9 de decembro de 2020

Asisten: STEG, CIG, CC.OO, FETE-UXT, ANPE e CSIF, o inspector xefe Jose Fisteos Suengas e a xefa territorial M<sup>a</sup> Luz Fernández Quintas.

### 1. Vacantes no CXT

Unha vez revisadas as vacantes entregadas pola xefatura territorial, a través do inspector xefe, e feitas as alegacións dos sindicatos, engádense as seguintes:

#### ■ PRIMARIA

- CEIP As Mercedes: 1 Educación Primaria e 1 Educación Infantil
- CEIP Manuel Sueiro: 1 Educación Primaria

Ante os diferentes requerimentos dos sindicatos, o inspector xefe di que non poden incrementar o profesorado sen modificación de catálogo, e se o solicitado non supón un incremento do catálogo, entón di que non sacan a praza pola diminución do alumnado.

#### ■ SECUNDARIA

- CEE Miño 1 PTFP Operacións Producción Agraria
- IES San Mamede de Maceda: Orientación educativa
- IES de Allariz: Lingua castelá e literatura, matemáticas e bioloxía e xeoloxía
- IES Nº 1 do Carballiño: Inglés, Lingua Galega e Grego
- IES Celanova: Lingua castelá
- IES Universidade Laboral: 2ª praza Orientación educativa
- ESAD Antonio Failde: 2 Deseño gráfico e 2 Deseño interiores
- CIFP Portovello: Organización e xestión comercial
- CMUS de Ourense: Órgano
- IES E. Blanco Amor: Inglés
- IES R. Otero Pedrayo: Matemáticas
- EPAPU de Pereiro de Aguiar: Inglés

- IES Lagoa de Antela: Lingua Galega

Ante os requerimentos concretos dos sindicatos o inspector xefe contesta que non hai alumnado suficiente ou horario (en ocasións non coincide o que transmiten as direccións e a inspección). Van estudar a posibilidade de :

- IES J. Prieto Nespereira: PTFP Instalación e Mantemento de Equipamentos Térmicos e de Fluídos
- IES Cosme López

## **2. Comité de Seguridade e Saúde Laboral:**

- Dotación das EPIs nos centros educativos
- Grao de cumprimento das medidas a tomar pola Consellería de Eduación e a XT sobre o COVID
- Establecer reunións periódicas co obxectivo de facer eficaces ditos comités

A xefa territorial remítenos a orde na que se publicou coa dotación económica aos centros, e afirma que hai un cumprimento do 100% nos centros educativos. En canto a establecer reunións periódicas di que na súa man só está facer a recomendación, pero que non depende dela, xa que non está no Comité.

## **3. Resposta á petición da anterior reunión sobre os postos de especial vulnerabilidade:**

- Número de solicitudes presentadas
- Número de solicitudes rexietadas
- Número de solicitudes aceptadas; e destas, cantas propostas con adaptación do posto de traballo
- Número de soliciitudes que causaron baixa

A xefa territorial da resposta aos datos solicitados pola xunta de persoal:

Presentáronse 98 solicitudes, 75 de persoal docente e 23 de persoal non docente. Unha vez chega a solicitude á XT, dende o Servizo de Recursos Humanos enviúselles unha url de Cualtis onde tiñan que completar cuestionarios e aportar os informes. Non saben os motivos polos que soamente 53 das persoas que nun principio solicitaran a condición de persoal vulnerábel, continúan co proceso. Destes 53, a día de hoxe, 48 foron resoltos, non procede baixa nin adaptación do posto de traballo, e aínda hai 5 pendentes de resolver.

A totalidade dos representantes sindicais manifestan de novo o seu desacordo con que sexa unha empresa externa encargada da valoración. Tamén manifestan o seu malestar con que a día de hoxe aínda queden 5 solicitudes pendentes de resolver, e que se tardaran máis de tres meses en resolver o resto. Sorprende que case a metade dos profesionais non continuara co proceso sen que se saiban os motivos. E por suposto consideramos increíble que de todas as solicitudes resoltas, non haxa ningunha que precisara nin unha adaptación do posto de traballo.

A xefa territorial di que non lle constan os motivos e que o único que pode facer é solicitar os datos.

#### **4. Rogos e preguntas**

Pídese formalizar a data para a reunión extraordinaria antes do Nadal do Comité de Seguridade e Saúde Laboral solicitada polos representantes sindicais.

STEG solicita os datos do profesorado contaxiado, non temos constancia de que estean sendo publicados, e nos parece indispensábel. A xefa territorial di que non os ten e que ten que pedilos.

Remata a reunión ás 11:40 h.